

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 16 DE AGOSTO DE 2016 NÚM. 10/2016.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (Concelleiro non adscrito).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

INTERVENTORA ACCIDENTAL: D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

ÍNDICE:

- 1.- Expediente de modificación de créditos N° 7-P/2016. Crédito Extraordinario..... pág. 3
- 2.- Expediente de modificación de créditos N° 9-T/2016. Transferencia de Créditos..... pág. 19

Sendo as **oito horas e trinta minutos do martes día 16 de agosto de 2016**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Accidental, *D. Jorge García Fernández*.

Actúa como Interventora Accidental, *D^a. M^a Carmen Méjome Álvarez*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 7-P/2016. CRÉDITO EXTRAORDINARIO.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía, de data 8 de agosto de 2016. A continuación o *Sr. Secretario Accidental* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 11 de agosto de 2016***.

De seguido, producíronse as seguintes intervencións:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (Concelleira Delegada de Facenda – CxG-CCTT): Este expediente de transferencia de créditos ten un importe de 24.112,34 €. O importe das partidas a minorar é igual que o que se pretende incrementar. Ten que vir a Pleno porque corresponde a áreas distintas de gasto e esta transferencias van permitir executar un proxecto de promoción turística, “Lalín, un interior único”, conforme á memoria que achega o concelleiro delegado, onde se desglosa o orzamento total do proxecto.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (Concelleiro Delegado de Obras e Turismo – BNG): O presentamos así por unha cuestión formal. Por iso ten que ir aparte. Non é que sexan dous paquetes distintos, senón que forma parte dunha perspectiva global que desde o goberno municipal temos respecto de como se debe empregar este remanente. Gustaríame que fose no paquete global e non separado. En todo caso, as cuestións técnicas marcan que sexa así. Nós dixemos, desde este goberno, que unha das prioridades que temos é a dinamización económica do noso concello. Entendemos que unha desas patas ten que ser a área de turismo, como unha ferramenta que xere riqueza para o noso concello, transversalmente. Polo tanto, ten un interese xeral, do conxunto da cidadanía, que se fagan este tipo de actuacións. Na memoria, vai desglosado en que vai consistir a campaña.

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Din o PP, con razón, que estamos tratando o segundo punto e deberíamos comezar polo primeiro. Comezamos co punto primeiro, por favor. Sr. Vilariño, empece co punto primeiro. Sexa tan amable.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (Concelleiro Delegado de Obras e Turismo – BNG): Empezamos de novo. Este primeiro punto, insisto, para nós ten un tratamento de globalidade. O que decidimos foi traer unha serie de propostas. Foi sorprendente escoitar estes días que non se coñecían, cando as dimos públicamente moi desglosadas. O que fan son posicionamentos que carecen de veracidade e o que se persegue politicamente non é a obra en si, senón ao goberno, con finalidades cando menos espurias.

Nos traemos aquí un remanente de 499.423,13 €. Vamos falar, por aforranos estas cifras, de 500.000 €, polo menos na miña intervención ao longo deste pleno. Un remanente que, en total, é sobre 800.000 €. Que xa no anterior pleno foi parte e que no vindeiro tamén quedan, aproximadamente, 200.000 €. Non é que veñan por partes, senón que ese desglose se fai pola necesidade de aportar memorias que xustifiquen a urxencia e a imperiosa necesidade de rematalo antes do 31 de decembro.

Van actuacións que nós entendemos que se fixeron cun criterio de cohesión, xa que este goberno actúa cunha cohesión importante. Neste goberno, cando vimos este remanentes, puxemos sobre a mesa as necesidades que tínhamos que afrontar con máxima urxencia. Podíamos discrepar politicamente, pero puximos por riba o interese xeral dos veciños. Seguramente, os cartos que aquí van desglosados lucirían moito máis noutro tipo de inversións. Politicamente, terían máis rendibilidade. Pero o que nos levou a facer esta proposta non era ese lucimento político, senón dar saída ás necesidades que os veciños e veciñas nos plantexaban ao longo destes meses. E sobre todo, cun orzamento inicial que aprobamos moi limitado e condicionado por actuacións como poden ser Rolda Leste ou Parking. Porque non seremos nós, desde logo, responsables da situación na que o collimos. Estamos falando de 4.000.000 € que nos condicionaron, en grande medida, a acción política, neste ano 2016.

Por certo. A totalidade dos once membros que conformaban o goberno municipal estaban convocados para as reunións que mantivemos. Non asistindo algún que, curiosamente, agora pide outras cousas. Por tanto, tamén vemos como as cousas tamén teñen un relatorio que se entenden co paso do tempo.

É un paquete importante de medidas. Estamos falando de 250.000 € para acceso a núcleos de poboación e mellora de pistas. Esta é a partida máis importante. Todos temos propostas ou nos gustaría meter outras pistas que necesitan actuacións. En todo caso, esta é a nosa proposta. Teranse que engadir, no futuro, moitas outras pistas que necesitan de actuacións. Pero, desde logo, nestas están máis que acreditada a súa urxencia na propia memoria que se achega ao expediente.

Hai curiosidades. Actuamos moitas veces cos condicionantes do anterior goberno. Por exemplo. Hai unha partida de 1.400 € de elementos de protección na rúa dos Lirios e en Villa Flores. É unha cuestión que ven da súa política urbanística e unha cuestión de seguridade, de

como quedou aquela zona. Entendemos que é máis que urxente esta actuación que garanta que alí non haxa unha desgraza persoal, debido á perigosidade que alí hai. Nós alí estivemos varias veces reunidos cos veciños afectados. Úrxenos que esta situación se lles solucione. É unha situación que levan anos padecendo e non se lles atendeu. E nós temos o compromiso firme de facela e así o plantexamos aquí e o traemos.

O importante tema medio ambiental do que son os composteiros. Vai unha partida de 16.300 € para levar adiante o convenio coa Deputación de Pontevedra respecto do tema do compostaxe. Tamén nos urxe moito, dado que, mentres non sexamos capaces de aportarlle esta infraestrutura, non poderemos levar adiante o plan de compostaxe. É outra medida que ten toda a urxencia.

Cuestións de seguridade. Vai a recuperación da pérgola do Paseo do Pontiñas. Esta non é unha cuestión ornamental. É unha cuestión de seguridade. Léanse o propio informe, onde fala dunha cuestión de seguridade, debido ao perigo que conleva. Polo tanto, matamos dous paxaros dun mesmo tiro. Pero, para nós, o que prima e xustifica a súa urxencia é precisamente a seguridade de que alí non haxa ningún tipo de dano.

Van 9.500 € para un corta céspede reciclador. Saben Vdes. mellor que nós como é o tema do mantemento dos parques. Saben que, agora, temos que asumir grande parte do Paseo do Pontiñan coa brigada de obras. É algo insistente por parte do xefe de obras e nós asumimos esa demanda. Trátase dunha maquinaria necesaria nese tramo do Pontiñas. Un tramo que, antes, con Vdes., no mandato anterior, estaba cunha empresa o seu mantemento e que, agora, quedou fóra do prego. E por tanto, agora, nós temos que asumilo. Pero non temos maquinaria que se adapte para a realización destes traballos.

O parque infantil, que se anunciou tamén. Na propia memoria van incluso fotocopias das propias sinaturas dos veciños que así o reclaman.

Outra medida de seguridade é o que respecta á realización da cuberta das vivendas do Xesús Golmar, polo perigo que supón que están caendo cascotes do tellado.

O estacionamento do Pazo de Liñares. Saben Vdes. como quedou eso despois do obradoiro de emprego. Intentamos asumir dende o propio concello, coa brigada de obras, o que é a finalización do estacionamento. Alí, lévase feito un traballo importante, pero vemos que finalizar este estacionamento require ter alí moitísimo persoal que nos impide dar resposta a cuestións máis propias da brigada como é, agora, no verán, atender ás demandas dos colexios antes do inicio do curso escolar. Polo tanto, como inda queda bastante traballo, entendimos a urxencia de que se remate ese estacionamento e decidimos rematalo deste xeito.

Van reparacións no Auditorio Municipal. Este goberno fixo, a través da brigada, bastantes reparacións no conservatorio, a raíz das demandas que os docentes nos trasladaron. Quedan algunha, como a fachada e interiores por facer. Entendimos que a urxencia é evidente. Queríamos facelo antes do inicio do propio curso ou o antes posible. Responde a unha cuestión básica que é o compromiso ineludible deste goberno respecto do que é a formación

no tema musical e que entendemos que, como no deporte apoiamos o deporte base, no tema da música, unha vez máis, este goberno demostra a importancia que lle dá.

Falamos tamén das instalacións deportivas do Manuel Anxo Cortizo. Respecto da oferta/demanda que este concello ten respecto do deporte, sempre está por riba a demanda. Eso é un inconveniente para o que goberna, pero socialmente é moi importante. Hai que optimizar dito recinto e, pensando no vindeiro ano, necesitamos este proxecto, urxentemente, para que os clubs e os deportistas teñan as instalacións que precisan.

E por último, van 44.485 € para cabina de almacenamento e librería cintas que, en todo caso, eu non son tan atrevido para ni tan siquera citalo. Falará o concelleiro responsable da área para que o entendan Vdes. á perfección. Pero que, en todo caso, me parece destacable, sen entrar na cuestión técnica, como este goberno actúa coas cuestións necesarias.

Esta é a proposta que nós traemos aquí, que se fixo desde este goberno. Unha proposta que xa anunciamos. Nós sabemos a situación coa que nos presentamos neste pleno, cal é a nova situación numérica. Pero esta é unha proposta que mantemos. Entendemos que fai quince días, fai un mes, era necesaria e que hoxe non mudou nada para darlle esa cobertura aos veciños de Lalín. Aínda así, facendo un exercicio de responsabilidade, pensando no interese xeral, nós tamén queremos ofertar, hoxe, aquí, que podemos incluír, dándolle forma técnica o tema das bandas como se plantexou, tendo dúbidas que no remanente poida ir. En todo caso, coa forma legal e técnica necesaria, ofertamos incluír ese tema, para dar saída a este paquete de obras, porque estamos moi preocupados para que se leve adiante; preocupados en termos políticos e pola importancia dos prazos, por eso se celebra un pleno extraordinario, porque a finais de ano esto ten que estar executado.

Polo tanto é unha cuestión que ofertamos, que entendemos que era o condicionante para sacalo adiante e, tamén, outro condicionante que era unha solicitude, que se fixo polos medios, de diálogo. Por esas dúas variantes que Vde. facía públicamente.

Entendemos que un grupo de goberno ten que ter o seu obxectivo político, ten que facer política e é o que estamos facendo hoxe, pero defendendo o interese xeral, a importancia de levar adiante a nosa acción política que, entendemos, que é a que lle fai falta a Lalín.

O resto é exclusivamente conspiracións. Se isto non fose adiante, serían situacións moi concretas de transfuguismo que nós agardamos que, hoxe, non se produzan aquí. Sobre todo, que ninguén entendería que, incluso con este plantexamento político, alguén funcionase en dinámicas de acoso e derribo a un goberno, sen ningunha funcionalidade lexítima e si, desde logo, espuria. Polo tanto, agardo para a segunda quenda de palabras, ver o seu posicionamento.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO (Concelleiro Delegado de Novas Tecnoloxías – CxG-CCTT): Respecto ao punto da compra dunha cabina de almacenamento e a librería de cintas, deixar claro que é unha proposta máis que necesaria para o funcionamento do concello.

Todo o funcionamento do concello, a nivel informático, baséase no CPD que está no soto deste edificio. Para que poida funcionar, contamos cuns servidores e cun almacenamento. Todos os traballos, están almacenados abaixo. Esta cabina, a que está actualmente, xa cumpríu o seu obxectivo. Era unha cabina que viña de segunda man, que foi cedida pola deputación ao concello e que xa tiña o seu tempo. Na actualidade, as empresas non dan soporte sobre esta máquina. Cando entrei de concelleiro, o primeiro punto que tivemos sobre a mesa, era esta cabina que estaba dando uns erros en disco. Isto supoñía que estábamos en risco de perder datos. Atopamos unha solución cunha empresa, que nos fai un soporte para manter estes discos, pero agora mesmo, inda que a cabina está funcionando, estamos chegando ao tope do espazo. Pode chegar un punto no que a cabina poida fallar ou non teña espazo. Non facer esta inversión, suporía ter parado o concello. Estes problemas, hai que anticiparse a eles. Por responsabilidade, eu poño enriba esta proposta para que se aprobe. No caso de que ocorra algo, eu poño sobre a mesa e cada un terá que saber qué é o que vota. A proposta da cabina de discos vai nesa liña de seguer mantendo o correcto funcionamento informático.

A maiores imos darlle outro nivel máis de confianza ao sistema que é a librería de cintas. A librería de cintas é un dispositivo que nos vai permitir facer copias de seguridade e sacar esas cintas e que non estean na mesma ubicación onde están os datos. O cal, se ocorrixe calquera problema no edificio, poderíamos ter as cintas noutro lado e segueríamos garantindo a información toda.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA (Concelleiro non adscrito): Empezamos falando que cando falamos de transfuguismo, eu vou pedir, xa, un respeito. Porque, se a min se me tacha de tráfuga, e vou empezar a preguntar, como preguntou o Sr. Alcalde, como tratou a algunha xente do pleno. Non vou dicir, non vou poñer apodos, pero eu non son tráfuga. Como tampouco creo que non sexa lexítima a miña posición, que é totalmente ao contrario, tamén aconsello ao concelleiro do bloque que consulte a lei 5/1997, do 27 de xullo. Empezamos co artigo 73 ou os que queiras. Pero, lexítimo é o que estou facendo. Entonces, non fai falta que ma leas. Lela na casa. Cando falamos de cohexión, xa non podemos falar de cohexión. Agora temos que falar doutro escenario político. Cohexión teredes os do goberno. Pero comigo non se conta para nada.

Cando se me menciona que non asisto a reunións. Se queredes, mencionamos todas aquelas reunións ás que asistín, nas que se me instou que estivese calado. Case se me obrigou. Se queredes menciono algunha reunión que estive no rural e dixó aquí non fales. Pois agora vou falar no pleno.

Estanme mencionando o interese xeral. Haberá moito interese xeral, pero parece que as obras van ser dos Olmos para abaixo. Esta frase quero que quede para a historia. O Padornelo, despois dos Olmos. Empezamos despois dos Olmos. É ridículo que se veña aquí a negociar este paquete. Eu tamén teño os meus intereses. Dicimos que non é lexítimo o que eu estou pedindo. Non estamos falando de bandas, agora. Imos falar de obras. Eu tamén coñezo a lei e tamén sei que hai unha lei orgánica 2/2012, do 27 abril, que di unhas cantas cousas. E que moitas das cousas que se propoñen non están para nadas reflexadas. Para non mencionar onde se me dixó que estivese calado, vou pedir se faga o saneamento en Botos, por exemplo.

Porque non estou falando só de bandas, estou falando de democracia, de deixar ir á xente ás súas aldeas e poder falar. Eu quero falar. Queríades que participara. Críticas que o home non traballa. Pois agora, vou traballar. Vou traballar co meu gabinete tamén xurídico e con todo.

Seguimos. Non presenza. Cando viñen tiven que estar presente para obrigarlle ás bandas do concello de Lalín que tocaran polos cartos que determinaba o goberno nese momento. Non. Eu son fillo dun home que me dixo unha vez: Vas ao mecánico, pide presuposto, se queres...

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Señor concelleiro.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA (Concelleiro non adscrito): Remato.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Non. Se non lle pido que remate. En absoluto. Pode falar todo o que quera, o tempo que quera. Eu o que lle pido é que se ciña un pouco ao plan de obras que estamos presentando. Sobre a súa opinión humanística, xurídico-política e tal, ten todos os meus respetos. Pero pídlle que se ciña ao punto do pleno. Se é tan amable. Grazas.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA (Concelleiro non adscrito): Xa me estou ciñindo. Entón. Vou deixar a frase para a historia. Ao pasar Os Olmos. Estas obras son ao pasar Os Olmos. Para alá. Porque, para o outro lado, parece que non hai nada.

Cabina de almacenamento. Os meus informes técnicos da cabina de almacenamento teñen o meu total apoio. Pero, eu quero negociar o paquete enteiro. Porque está moi ben o traballo feito. E ademais vai ser, para min, unha mostra de apoio á amizade. Pero, non á amizade. A un informe técnico, probablemente, bo. Tamén me consultei. E dixeron: É óptimo. Non é moi cara. Paréceme ben. Pido, neste pleno, que chantaxes emocionais, non. Porque, eu vou estar por encima de todo eso.

Vamos a ver. Non vou entrar nunha reunión onde se diga: xa temos pulmón económico para facer grandes obras. Eu viñen a este pleno co compromiso de que, agora, non era o momento das grandes obras. Entón. Para que teño que escoitar eso? Se teño que escoitar eso, non vou ás reunións. Claro que non vou. Se teño a miña decisión tomada, non vou á reunión. Porque xa teño a miña decisión tomada de irme ao grupo de non adscritos, que é algo lexítimo.

Se queredes falamos de máis cousas. Falamos do Manuel Anxo Cortizo. Terán que dar explicacións. Paréceme oír de que vai haber unha praza de arquitecto moi pronto. Non? Pois, sembremos a duda sobre este proxecto.

Aí está dito. A miña primeira intervención.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Bos días. O que non cabe dúbida é que, por primeira vez neste mandato, hai unha escenificación diferente. Vdes. como grupo de goberno teñen un problema que antes non tiñan e que agora está a dividir este concello. Eso non é bo para os veciños de Lalín e que nós non o propiciamos. Eu tiña preparada unha intervención distinta.

Pero vou ser máis breve. Eu tiña preparada unha intervención distinta para este punto, pormenorizando algunhas cousas, pero si vou facer uns apuntes de carácter xeral.

Vese que hai uns remantes de 800.000 €. Con eses remantes, amósase que o Partido Popular non ía tan desencamiñado cando falaba de que o IBI, comunmente coñecido como contribución urbana, se podría baixar; a pesar, de que dicíanme que non. Que era imposible manter este concello deixándoo.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Con todo o respecto. E sabe que temos unha temporada bastante larga de boa relación. Eu o que lle pido é que non se minta. Argumenta unha mentira e é consciente deso. Porque sabe de este remanente de 800.000 €, como xurdiu. Sabe que nós non tiñamos nin idea. Pervirte o debate con un argumento que sabe que é falso.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): É que non acabei. Se se me escoita o que quero dicir. Vde. teñe un defecto que tamén teño eu. E é que, as veces, precipitámonos crendo saber o que vai dicir o outro. E non sabemos o que vai dicir o outro ata que acaba de dicilo.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Pois. Prégolle desculpas.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Dicía que non era tan desencamiñado cando dicíamos que este concello teña folgo económico para soportar o 0,4 na contribución. Efectivamente, así se vislumbra, de que o remanente que houbo no ano 2015, o remanente que vai haber neste ano 2016, daría para que se puidera tocar o tema do IBI.

Máis que entrar na pormenorización das obras das que falastes aquí, dicir que para sacar adiante este punto, evidentemente, necesítase dun consenso amplo, o ben co concelleiro non adscrito ou ben co Partido Popular. Nós non somos Pedro Sánchez. Porque cremos que o interese de Lalín está por encima do interese dos partidos políticos e, polo tanto, non imos ser nós quen bloqueemos o concello de Lalín. Ao contrario. Nós estamos dispostos a sentarnos nunha mesa e ver o paquete completo dos remantes. E creo que é fácil chegar a un acordo. A maioría das obras que propoñen aquí, nós estaríamos de acordo. Eses camiños que mencionan Vdes. seguro que fai falta facelos. Pero outros, tamén. A min, chámame a atención que nalgunhas parroquias das que se dixo, ata a saciedade, que eran tercermundistas e que estaban fatal, non haxa unha sóa obra para elas. Creo que hai fol para facer esas obras e algunhas máis que podemos propoñer o conxunto dos concelleiros, tanto nós coma os distintos grupos que compoñen o goberno, como, ao mellor, o concelleiro non adscrito. Creo que aí poderíamos chegar a un acordo.

A Disposición Adicional Décimo Sexta, que vincula as inversións que di que son financeiramente sostibles, chama a atención que o primeiro apartado fala de que as obras que son financeiramente sostibles son saneamento, abastecemento e distribución de augas. Pois, en saneamento, abastecemento e distribución de augas non vai nin unha sóa obra. Lembro a este goberno que estades pagando algunha multa polo tema da depuración. Nós tiñamos algunha asignatura pendente que eran a depuradora de Vilatuxe e a de Prado. Son

depuradoras moi antigas que, daquela cumprían, pero hoxe non cumpren cos requisitos mínimos para verter aos acuíferos. Eu creo que estos apartados, que nós íamos facer, hai que facelos. Senón ides sufrir multas de medio ambiente.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Multas de medio ambiente que nunca chegaban e que, agora, chegan.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): As multas de medio ambiente non é que chegaran ou non chegaran. As multas de medio ambiente téñenas todos os concellos de Galicia. Nós pagamos, no meu mandato, multas de medio ambiente, como pagan todos os concellos.

Quero dicir que este reparto, que é un reparto político, pode ser mellorable e, se Vdes. queren un consenso, pola nosa parte estamos dispostos a sentarnos nunha comisión na que participen os grupos que queren participar. Por parte do PP, evidentemente, participaríamos. Veríamos algunhas cousas que poden ser máis acuciantes que outras. E creo que daríamos chegado a un consenso. Creo que non teríamos problema para escoller estas obras que están aquí e algunha máis que fai falta e que Vdes. ao mellor a descoñecen.

No tema do saneamento, quedou para acabar O Corpiño. É certo que o saneamento, politicamente, vese menos porque vai por debaixo da terra. Politicamente, venden pouco, pero son moi necesarios. No noso programa, que quedou na cuneta, a parte estrela ía para o saneamento no rural. Vde. piden que haxa un consenso do cen por cen. E iso é imposible. Creo que deben buscar un consenso razoable. Sempre haberá un veciño ao que non lle importe o saneamento.

Aquí, quedou a medio facer O Corpiño, quedou a medio facer Soutolongo, quedou a medio facer (e só faltan dúas aldeas) Catasós, Botos. É dicir. Creo que algo para saneamento había que meter.

E algún proxecto como o do campo de fútbol, non nos pidan que votemos a favor, cando nós tiñamos outro totalmente distinto. E ao mellor pódese atopar un equilibrio, no que non vaia o seu proxecto nin o noso proxecto. Vaia un mixto, no que estemos de acordo todos.

Sobre o que comentou Tomás. É certo que á informática se lle presta pouca atención. Pero o que Vde. di é que parece que hai que facelo xa. Por qué non o meteron nun tema da deputación? Se era tan urxente, por qué non o meteron? Xa se estaría executando a obra. No tema de informática non vai ter ningún problema co Partido Popular porque nós aí imos estar de acordo.

Resumindo. Eu díxenlle ao Alcalde que connosco pode contar. Pero pode contar para cousas que sexan boas para Lalín, independentemente de que eu creo que hai que ceder todos. Creo que poderíamos chegar a un consenso.

O que non nos poden traer é unha cousa masticada e dicir: voten Vdes. Se Vdes. a traen masticada, non nos pidan o noso apoio.

Pero nós, aquí, temos que votar en contra. Porque non participamos, para nada, na elaboración deste proxecto. Nós enterámonos pola prensa das obra que ían.

Remato dicindo que nós queremos consenso para sacar adiante obras que van a beneficiar, sen dúbida, ao conxunto dos lalinenses. Pero que, loxicamente, non nos as poden dar feitas e masticadas. Nós queremos participar nesa elaboración e, se chegamos a un acordo, perfecto.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Agradezo moito o ton da intervención do Partido Popular. É certo que o escaerío cambiou. Cando fixemos este paquete as circunstancias eran diferente. Eu agradezo a disposición do Partido Popular a negociar e xa lle digo, en nome do goberno, que aceptamos sentarnos a negociar inmediatamente, porque o que queremos é o mellor para os veciños de Lalín. E evidentemente, hai que ceder.

O tema das depuradoras era un eixo fundamental cara ao orzamento do ano que ven. Tamén nos preocupa moito. Creo que imos chegar a un consenso, cedendo un pouco todos. Por eso, os conmino, se pode se xa esta semana. Porque este pleno extraordinario faise por unha cuestión de prazos.

Tamén dicirlle que, se recorda, cando acordamos a data deste pleno extraordinario, Vde. dixo non sei se estaremos todos, dá igual, porque como nos imos abster, dá igual. Pero, entendo que o xogo político cambiou e que Vdes. agora queren abrir outro escaerío. Eu respétoo. Eu faría o mesmo.

Con respecto ao concelleiro non adscrito, non teño nada que dicir porque, entre outras cousas, non lle entendín moi ben. Pero, todo o meu respecto cara a Vde. Eu creo que o noventa por cento da sala tampouco lle entendeu.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (Concelleiro Delegado de Obras e Turismo – BNG): Alégrome de non ser a única persona desta sala que non entendeu nada da intervención do concelleiro.

Hai un novo escaerío que se debulla, ás claras, hoxe, cunha torpeza, sobre todo por Vde. Eu nunca falo en termos persoais, senón políticos. Quero aclaralo. Hoxe, hai unha radiografía exacta do papel que Vde. quere cumprir, pero moi distinta ao que anunciou. Xa utilizar o nome das bandas... Supoño que as propias bandas se sinten incómodas con eso. Vde. puxo dous condicionantes: o tema das bandas e o tema do diálogo. Este goberno puxo enriba de mesa as dúas cuestións para evidenciar que eso non era o que lle movía a Vde. para estar na posición política que está. Eso, hoxe, queda claro. Vde. non se move, hoxe, no seu posicionamento por defender ás bandas nin por falta de diálogo. Hoxe, Vde. vai ter o grande logro de mudar a vontade popular. Que non lle pareza mal o termo transfugismo. Se se mantén nesa postura, Vde. é un tráfuga. Está modificando, coa súa actitude, a vontade popular. Está utilizando a súa acta de concelleiro para votar algo que, eu estou convencido que, os que votaron compromiso non era esa a súa intención. Que hoxe non se sinten representados en Vde. Eu estou convencido. Non diga que é lexítimo. Vde. faino e será legal, agora, carece de toda

lexitimidade. O que Vde. quere, o acoso e derribo dun goberno, non é lexítimo. Esta nova situación é unha situación que cada un ten que asumir. O goberno en primeiro lugar, pero Vde. tamén non quera negar o papel que está cumprindo. A Vde. non o move o diálogo. A Vde. o move outros asuntos que eu, tamén, o convido a que aquí os explique. Este goberno non perde unha maioría por algo que fixera mal, nin por carencias de xestión dentro do propio goberno. É máis que evidente que este goberno está cohexionado. O que Vde. lle dixo á cidadanía para xustificar unha saída inxustificable, non é real.

Vde. estaba convocado á reunión, cando se faloron destes temas. Non diga que non é certo. Eu nunca vin, en ningunha reunión, que o mandaran calar.

Vde. hoxe non lle está facendo dano ao goberno. Está facendo dano aos veciños de Lalín, retrasando, como mínimo. É tan irresponsable, coa súa postura, que prefire que non saia nada adiante. Poido molestarse en traer unha proposta. Como fixemos os demais. Vde. o que quere é bloquear e dinamitar este goberno. Non diga que reclama diálogo, cando Vde. é quen o dinamita. Eso tenno que entender perfectamente.

É importante que isto non se teña aprobado hoxe, porque a 31 de decembro isto ten que estar executado. Vdes. saben que nos están obrigando a ir a un pleno de setembro, como mínimo, coa súa publicación e que imos ter sobre dous meses para levar adiante todo. E aquí, todo é lexítimo. O que Vdes. queren. Incluso o do Partido Popular. Faltaría máis. Todos saben onde nos están situando. E nós non imos defender xogar cos cartos dos veciños de Lalín e perder inversións importantísimas.

O tema do IBI. Vdes. gobernaron aquí toda a vida. Pero, cando tiveron Vdes. o 0,4? É falso. Vdes. dispararon o IBI en Lalín a máis do cen por cen.

Son uns vantaxistas. Vdes. dixeron que se ían abster neste pleno.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): É certo que acordamos esta hora para que a xente puidese aproveitar o día para traballar e é certo que nos dixeron que se ían abster e que daba igual porque había concelleiros que, igual, non podían vir. Isto non mo pode negar.

Dª. LARA RODRÍGUEZ PEÑA (Concelleira Delegada de Cultura – APAC): Bos días a todos e a todas. Vou ser moi breve. Vou tocar dous puntos concretos.

Estou de acordo en que as bandas municipais é algo moi importante. Pero, así como son as bandas, son o resto de asociacións e o resto de grupos musicais. O que si quero deixar claro é que as bandas de música non se están deixando de lado, en absoluto, porque, para empezar, con ese ciclo de música na rúa, as bandas van ter o papel máis importante.

En segundo lugar, recordo ter unha reunión, na que saímos moitos e moitas dos que estamos aquí ás once da noite, para administrar ese remanente. E non estaba o concelleiro que agora está no grupo de non adscritos. Aquí, do que creo que non carecemos é de diálogo.

D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (Concelleiro Delegado de Urbanismo e Benestar Social - PsdeG-PSOE): Creo que as palabras son importantes e hai que decilas. A acepción que ten tráfuga na Real Academia Española, na segunda acepción, di: *“persona que, con un cargo público, no abandona éste al separarse del partido que lo presentó como candidato”*. Creo que non te podes sentir molesto porque esa é a definición. Por tanto, es tráfuga. Tes que asumilo. Es un tráfuga, segundo a RAE. Non segundo o tenente de alcalde nin o alcalde.

Vde. agora quedou desenmascarado. Fíxoselle unha proposta. Buscouse o diálogo. En certo modo, para desenmascaralo. Quedou desenmascarado. Porque Vde. non acepta nin o das bandas. E está claro que o PP votará cun tráfuga, no mesmo sentido. Algo sospeito de que un vai facer de “poli” bo e outro de “poli” malo. Eso vai ser a tónica. E quedou perfectamente acreditado neste pleno.

Voulle dicir unha cousa. En ningunha reunión, eu vin que se lle quitara a palabra. Estivemos en moitas reunións. Vde. non apareceu en moitas das que estaba convocado. En moitísimas. Incluso en comisións informativas, como todo o mundo sabe.

Incluso, se fose por Vde., que levaba xuventude, os nenos, hoxe, estarían sen campamento de verán. Menos mal que outros collemos esas responsabilidades.

Vde. vai votar, e tamén o PP engadidamente, contra Vanesa, Rocío, Silvia, Miriam, María, Ignacio, Mónica, xente que pide que se faga un parque, xente con nomes e apelidos.

Vaise votar en contra do arranxo das vivendas que están en fronte do Golmar, que están en mal estado un dos bloques, con perigo aos nenos, cando empece o curso.

Van votar en contra do arranxo das pistas. Porque todos sabemos que, cando chega o inverno, é máis difícil facer pistas.

Non sei que quixo dicir con eso dos Olmos. Isto non foi un reparto de grupos políticos nin un reparto de concelleiros. Isto foi poñerse todos de acordo en que era o máis prioritario.

Fala o Partido Popular das depuradoras e o saneamento. E estamos de acordo. Pero, as depuradoras están como están non por responsabilidade deste goberno. Pero as depuradoras necesitan terreo e tamén pulmón económico. E quedábase escasos. Sobre todo, cando hai que acometelas en tempo record. Tíñamos que gastar os cartos antes do 31 de decembro.

Isto forma todo parte dun erro no cálculo da regra de gasto. Hai un erro xa recoñecido por parte de Intervención. Se isto se calcula antes de facer o PEF. Se se calculara antes, no mes de abril, no mes de marzo, habería máis pulmón previamente. Seguramente, algunhas cousas, como as depuradoras, xa as plantexaríamos no mes de maio. O problema é que agora estamos no mes de agosto e é moi difícil poñerse a facer depuradoras no mes de agosto, cando hai que conseguir os terreos.

E logo, a falsidade do IBI. Cando nós falabamos do IBI, non sabíamos que había 800.000 € máis para gastar. Nono sabíamos nin nós, nin Vdes. nin os servizos económicos desta casa. Non o sabía ninguén. Nós seríamos os primeiros interesados, se hai pulmón económico, en colgarse a medalla por baixar o IBI. E fariámolo. Pero había moitas dúbidas desa sostibilidade.

Falaba o concelleiro non adscrito de grandes obras. Eu non as vexo. Se esto son grandes obras... Pregúntalle aí a Pepe Crespo, que son grandes obras? Algunha faremos, dun millón de euros. Ou unha cousa así. Pero, evidentemente, non temos previsto facelas de 17 ó 18, porque non son demandas da cidadanía de Lalín.

Como membro do goberno, eu acepto esa negociación, porque pensamos en gastar os cartos e facer estes investimentos para solucionar os problemas dos veciños, como ben queda demostrado nestes expedientes.

Pero non só eso. É que medio millón de euros xa nas rúas, son medio millón de euros de actividade económica neste concello. E retrasalo tamén ten as súas responsabilidades. Todo o que sexa retrasar investimentos é retrasar traballo de veciños e veciñas de Lalín. Alá cada quen coas súas responsabilidades e a ver como se explican certas actitudes. Neste caso, xa non falo do Partido Popular.

E remato. Neste novo escenario, unha cousa é a legalidade, outra a ética e a dignidade. E esas cousas, hoxe quedaron claras, o valor que teñen para determinadas persoas.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (Concelleira Delegada de Facenda – CxG-CCTT): Deste gasto que podíamos realizar de 800.000 €, enterámonos...

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Estadades intervindo todos para prexudicar a unha concelleira nosa.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Facemos unha cousa. Que marche Raquel e nós quitamos un tamén. Non é por fastidiar a ninguén.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (Concelleira Delegada de Facenda – CxG-CCTT): Intento ser breve. Estes 800.000 € modificaron claramente o escenario económico. Vós mellor que ninguén sabedes que temos que gastalos neste ano. Temos que cumprir regra de gasto. Temos que cumprir regra de estabilidade. Incorporalos nos vai permitir ter máis fuelle económico para o vindeiro ano.

Esta convocatoria na que estábamos citados todos, e digo todos, os compañeiros era para ver en que partidas había máis déficit, que era o prioritario. Houbo unha negociación. Houbo partidas nas que, sen estar o concelleiro non adscrito na reunión, eu intereseime por el, nas súas áreas, e reservei créditos. Están os meus compañeiros para dicilo.

Que un compañeiro de Compromiso se nos vaia, é doloroso; sobre todo, cando hai un traballo

dos compañeiros, non só de Compromiso, refírome ao PSOE, refírome ao Bloque, refírome a APAC. A xente que estivo no goberno, ou que agora estamos, sabemos que temos que renunciar a cuestións familiares, temos que renunciar a vacacións, temos que renunciar a moitas cousas para levar este proxecto adiante. E non se entenden ataques en prensa a compañeiros, cando a miña postura sempre foi dialogante e de axudar.

Ben é sabido por todos os lalinenses que o conservatorio ten un problema bastante grande no que se refire a contratación de persoal e varias outras cousas e aí estivemos todos os compañeiros ao lado dunha persoa que, agora, non está ao noso lado.

Ao mellor podemos chegar a modificar algún investimento e aprobar igual este punto, para poder executar obras.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Nós o que lle ofrecemos ao Grupo Popular é só darlle para adiante o tema das pistas, deixar o outro no aire. Despois, todo o que querades negociar, que o negociemos. Pero, nas pistas, que son as que máis nos preocupan en cuestión de tempos, como dixestes que estábades de acordo, só votar a favor do das pistas e deixar o outro, previa negociación de todo o que querades negociar.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (Concelleira Delegada de Facenda – CxG-CCTT): Remato en dous minutos. A política non é cuestión de ego. É un traballo en equipo. E aquí facemos un traballo en equipo.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA (Concelleiro non adscrito): O máis esperpéntico de todo é que estamos falando de diálogo. E logo, que estamos facendo aquí? Agora, parece que van falar vinte persoas. Acúsaseme a min de falta de diálogo. Estou provocando diálogo.

Se quere, menciónolle a hostia física que houbo neste concello. Se quere, menciónolle a hostia física que houbo a un moble neste concello.

Se queredes entendervos os vinte, mellor. Hai máis democracia.

A vontade popular o que quere é non sumisión. Pois, eu non son sumiso.

A radiografía está clara. Tedes que escoitarme. E os medios teñen que escribir o que eu diga. A radiografía é que antes había un monólogo e, agora, hai diálogo.

Non estou disposto. Non quero ser cómplice de ataques ou vinganzas persoais a persoas neste concello, nin a empresas. Non quero ser cómplice e, por iso, estou aquí. E non quero ser cómplice de realidades paralelas que se lle crean ás persoas para medrar na política. Non quero ser cómplice. Non quero ser cómplice diso. Vino facer xa reiteradas veces. Estaba disposto a apoiaros ó cen por cen e non quero ser cómplice. Fagamos exame de conciencia, confesémonos e tiramos para diante.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): A verdade é que algunha afirmación das que acaba de

facer o concelleiro non adscrito é preocupante. Di que non quere ser cómplice.

Vostedes teñen un problema e a nós non nos metan en debates de liortas internas. Vostedes son un matrimonio a catro que rompeu. As razóns poden ser múltiples e variopintas. Pero non nos metan a nós no tema.

Eu o que lles digo é que reflexionen. Porque algunha das cousas que dixo o concelleiro non adscrito son preocupantes para vostedes.

Sobre o IBI ao 0,4. Nós, no anos 14 e 15, tíñamos o 0,4. Cando se cobrou o 0,5 foi por imposición de Madrid. Por imposición de Montoro.

Lara di que foi falada a proposta. Pero nos grupos ocorre iso. Tamén supoño que, no seu momento, falaríades sobre a dedicación exclusiva do concelleiro do BNG e despois vostedes desmarcástevos.

Non sei se eu interpreto mal ou non. As obras non teñen que estar acabadas o 31 de decembro. O Boletín Oficial do Estado do 22 de febreiro do 14, que regula esto, a Disposición Adicional Décimo Sexta di no seu apartado 5: la iniciación del correspondiente expediente de gasto y reconocimiento de la totalidad de las obligaciones económicas derivadas de las inversiones ejecutadas se deberá realizar por parte de la corporación local antes de la finalización del ejercicio de aplicación de la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril. E pon unha coetilla: no obstante, en el supuesto de que un proyecto de inversión no pueda ejecutarse íntegramente en el 2014 (neste caso, falaríamos do 2016), la parte restante del gasto comprometido en el 2014 se podrá reconocer en el ejercicio 2015, financiándose con cargo a remanente de la tesorería del 2014, que quedará afectado a ese fin por el importe restante y la entidad local no podrá incurrir en déficit al final del ejercicio 2015.

A proposta de negociación. Eu estou disposto a que se abra un período de diálogo para toda a corporación.

E con respecto ás obras. Para que non haxa ningunha dúbida. No pleno de agosto, que é o día 8 de setembro, se non chegáramos a un acordo do paquete global dos 800.000 €, meríamos esas obras que vostedes poñen e algunha máis que eu lle demostraría a vostede que se pode meter.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Por non perxudicar aos veciños, o que lle digo é que votemos só a modificación desas pistas que son moi necesarias.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): E eu dígolle si pero non. Isto supón retrasar esto catorce días. Estas obras execútanse en 15 ó 20 días. Polo tanto, non van perigar as obras.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): O que me fai pensar esto, porque non ten ningunha lóxica, é que vostede ten un acordo coa outra parte.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Eu o que quero é que no mesmo paquete vaian outras pistas.

Eu, por exemplo, vexo urxente o de Tomás. Pero o das pistas pode vir igual para dentro de 15 días.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Pois fago unha enmenda, neste momento, para votar só o de Tomás.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Eu ao do Tomás non lle vexo problema. O de informática.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Remato este debate dicindo que agradezo ao Partido Popular a disposición a negociar e que hai elementos para que moita xente se ría do que está pasando aquí.

E quero agradecerlle a dúas persoas en concreto, a Tomás e a Paco Vilariño que renunciaron, practicamente, a todos os seus días de vacacións por traballar polo concello.

E dicirle que, polo ben dos lalinenses e como alcalde, pactaría co diaño. Non lles estou chamando a vostedes diaño.

Con respecto ao concelleiro non adscrito, todo o meu respecto.

Rematadas as intervencións, realizáronse as seguintes votacións:

1ª VOTACIÓN: Conforme á enmenda formulada polo Sr. Alcalde, sometido a votación o expediente e a proposta da Alcaldía, unicamente, no relativo á aplicación 920.626.04, con denominación “Administración Xeral – Cabina almacenamento e Librería de cintas”, por importe de 44.485,62 €, mediante o sistema de manalzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: vinteún (21), dos vinteún membros da corporación.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **APROBOUSE, por unanimidade, a proposta seguinte:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 7-P/2016, a financiar con Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen minguar dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria para a compra dunha cabina de almacenamento e unha librería de cintas para almacenamentos de datos.

Á vista da documentación que se achega no expediente o **Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario financiado mediante o Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
920.626.04	Administración Xeral Cabina almacenamento e Librería de cintas	44.485,62 €
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		44.485,62 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito: Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2015, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

2ª VOTACIÓN: Conforme á enmenda formulada polo Sr. Alcalde, sometido a votación o expediente e a proposta da Alcaldía, no relativo ás restantes aplicacións, denominacións e importes, mediante o sistema de manalzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE** a proposta da Alcaldía, no relativo ás restantes aplicacións, denominacións e importes.

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 9-T/2016. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS.-

A Presidencia deu conta deste expediente, da proposta da Alcaldía de data 8 de agosto de 2016 e do *dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 11 de agosto de 2016*.

De seguido, producíronse as seguintes intervencións:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Raquel, insisto en que, se queres marchar, nós quitamos un tamén.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (Concelleiro Delegado de Obras e Turismo – BNG): Eu non estou de acordo neso, en que quitemos un.

Cando o imperio da razón e dos argumentos non goberna, fastidia facer política. Góstame debater en pleno, pero sempre e cando os argumentos valgan para algo.

Visto como vai este pleno, tedes aí a proposta de turismo. Aposto porque o turismo teña a importancia que ten que ter como motor económico.

Non estou falando para facer tempo e que algún do Partido Popular teña que marchar pola visita dalgún conselleiro ou de alguén que teña que traballar. Todos temos problemas no traballo, seguramente, pola nosa acción política. Non só o Partido Popular é xeneroso coa súa proposta, senón penso que nós as veces somos tamén excesivamente xenerosos. Poderíamos botar aquí bastante máis tempo do que vamos estar. Polo tanto, que non se utilice o argumento de que imos demorar para que alguén estea ausente.

O tema de turismo vai desglosado na memoria. Máis da metade dos euros non van a unha campaña, senón a que esta concellería teña material para poder facer traballo de promoción ao longo do ano que ven en distintas facetas, porque non hai nada nesta faceta.

Dame pena que no vaia co punto anterior, no mesmo paquete. Porque se baséa no mesmo, en utilizar os cartos dos veciños para xerar riqueza. Hoxe, queda en evidencia que a vostedes non é o que lles preocupa.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA (Concelleiro non adscrito): Agora si é o momento en que podemos empezar a falar de bandas tamén. Había algún técnico que dubidaba que o solicitado

das bandas puidese entrar aquí. No artigo 336 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, hai un epígrafe que pon: protección do patrimonio histórico artístico. Como eu non confío moito no goberno, íame abster. Pero, non me vou abster. Vou votar en contra. Porque vou gardar eses cartos aí. Porque non vaia ser que non podan ir as bandas no paquete dos 800.000 €. Porque as bandas tamén son turismo.

Curioso que queramos coller cartos de Protección Civil, do retén de incendios, para turismo.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Eu non digo que non se teña que promocionar turisticamente Lalín. Agora ben, o reparto que se fai, nalgúns casos, había que matizalo.

Estamos dispostos a sentarnos a pactar. Con algunhas cousas podemos estar de acordo. Agora na difusión da imaxe de Lalín, meten 3.000 € para medios e 7.440 para vallas publicitarias. Eu creo que eso pode esperar.

O turismo é importante para un pobo. Sen dúbida. Pero, hai moitas formas de aportar por el. Creo que aquí hai algo de dispendio. Paréceme excesivo. Polo tanto, nós imos votar en contra.

Pola nosa parte, non se preocupen vostedes de que van ter lealtade institucional. Loxicamente, non somos parvos e sentarémonos de igual a igual. E asegúrolle que van sair cousas. Porque a vostedes lles van interesar e a nós tamén nos van interesar. Eu teño a mellor disposición para que o grupo municipal do Partido Popular chegue a un acordo.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Eu agradézolle. Pero vexo que non acaba de coller o concepto. Que non é o que a vostedes lles vaia interesar e a nós nos vaia interesar. Isto é para os veciños de Lalín.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (Concelleiro Delegado de Obras e Turismo – BNG): Que noxo e que barbaridades hai que escoitar neste pleno. Vostede é un auténtico pistoleiro político. E como é un pistoleiro político é moi complicada a situación na que queda o pobo de Lalín con vostede.

Este pleno retrata o que vostede busca, que é acoso e derribo deste goberno. E eu non estou aquí para que vostede marque a política deste goberno. O único que o move son actitudes de auténtico tratante. E nós non concebimos a política como eso. Vostede non é ético. Será legal, pero carente de toda ética. E amosando o transfuguismo máis noxento que, seguramente, podamos lembrar no conxunto do país. O único que lle impide facer unha moción de censura co Partido Popular é que non llo permite a lei.

E o Partido Popular xoga a dar a imaxe de que “somos responsables”. Pero, nos cargamos todo. Eu non estou aquí para facer a política do Partido Popular.

Eu teño clarísimo que vostedes tiñan acordado este pleno. E terán que dar explicacións dos acordos que teñen. Que é evidente que os teñen.

Eu ao saír de aquí, vou chamar ás empresas de Lalín, que se tiña falado, para decirlle que paren todo e que todos estes proxectos de hoxe, que non se fan e que quedan sen traballo.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Manda carallo.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (Concelleiro Delegado de Obras e Turismo – BNG): Pero escoite. Non manda carallo. Déixeme acabar. No tema do video, nós dixemos públicamente, na rolda de prensa, que van ser empresas de Lalín. Porque hai talento, de sobra, para facelo. Polo tanto, vostedes están negando traballo para as empresas de Lalín. Tiren todo abaixo. Pero digan á cidadanía o que teñen acordado.

D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (Concelleiro Delegado de Urbanismo e Servizos Sociais - PsdeG-PSOE): Paréceme increíble que o Partido Popular poida ter acordos co concelleiro tránsfuga.

Se manteñen o voto en contra, os perxudicados serán os veciños de Lalín. Alá cada quen coa súa responsabilidade, se ao final deste ano quedan 800.000 € sen gastar en Lalín. Alá cada quen.

Hai unha persoa que xa demostrou irresponsabilidade absoluta co seu pobo. Non só cos seus votantes, senón con cada veciño e veciña de Lalín. Eu sei que esa non vai ser a actitude do Partido Popular. Porque hai unha lei anti transfuguismo e todos pactamos esa lei que, por certo, foi reformada polo Partido Popular.

E dicirlle ao concelleiro non adscrito ou tránsfuga que non eres igual que todos, porque o teu voto, nunha moción de censura non vale.

D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA (Concelleiro non adscrito): Un respecto para a feira e os tratantes. Na vida seguimos tratando e temos que tratar uns cos outros. É unha figura moi digna. Teño sorte de coñecela porque, ademais, tócame moi de cerca.

Moción de censura. Eu non quero moción de censura para nada.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Sr. Vilariño, non sei como leva o debate a estes termos.

Pola razón que sexa, neste momento, tedes un goberno que fai augas. E aínda nos queredes botar a culpa a nós? Pois, non.

Se algo non quero, baixo ningún concepto, é a moción de censura. O pobo de Lalín falou. E dixo que quería este tipo de goberno. E eu teño que respectalo, me goste ou non. En Silleda, había unha situación e provocouse unha moción de censura. Non había esta lei. E creo que o resultado está aí. Neste momento, hai a lei que hai. E obviamente, non se pode poñer a moción de censura. Pero, se non houbera esa lei, tampouco a poñeríamos, pola nosa parte. Porque consigues o efecto contrario do que queres.

Vostede retratouse, cando nun momento do debate dixo: agora vou falar coas empresas de Lalín e dicirlles que, por culpa tal, non se vai facer. Eso non o pode facer, porque legalmente está recoñecendo que vostede, previamente a ter consignados os cartos, previamente a quitalos doutra partida e metelos aí, xa había falado con empresas, dicíndolle esto vai ser para ti, para ti e para ti.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (Concelleiro Delegado de Obras e Turismo – BNG): Eso xa o expliquei.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Vostede intentou arranxalo. Non o explicou.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Perdón. Está acusando ao concelleiro de cometer un delito?

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Non. A ver. Vou tomar un minuto de respiro, como toma vostede.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): A explicación de Paco, ti sabes que é certa?

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): El dixo vou dicir ás empresas que paren o que están facendo.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Ti sabes que o que explicou Paco é a verdade. Sábelo de sobra.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Eu sei o que oín aquí. Paco dixo, textualmente, voulle dicir ás empresas que paren o que están facendo. Se lles dice que paren o que están facendo, que está recoñecendo? A ver. Non sei se se equivocou no que dixo. Porque se non se equivocou, é moi grave.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT):**D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT):** Como estes xogos, a min, moléstanme un pouco, voulle facer unha proposta. Como o que vostede di que dixo o concelleiro, eu creo que é constitutivo de delito, a súa obriga é denunciálo.

Vostede sabe o que quería dicir o Sr. Vilariño, perfectamente.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Que o Sr. Vilariño, se quere dicir eso, aceptamos pulpo como animal de compañía.

Pero que, antes de eso diga, que o único que nos impide unha moción de censura é que non se pode pola lei, eso non llo permito.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT):**D. RAFAEL LUÍS CUIÑA**

APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT): Eu sei que a vostedes lles chamaron militantes do seu partido para ver se era posible facer unha moción de censura. Porque eu coñezo militantes do seu partido. Non digo vostede, que quisera eso, pola explicación de Silleda, que me consta que é o que pensa.

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (PP): Non só pola explicación de Silleda.

Pero, se Paco Vilariño o que nos quere é atacar a nós falando de ética, non me parece normal, cando nós poñemos unha man na mesa para dicir: negociemos.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (Concelleiro Delegado de Obras e Turismo – BNG): Por alusións. Se o cre, vaia directamente ao xulgado.

Dixen unhas palabras que, despois, xa expliquei. Dixémolo publicamente. Nós, o traballo que podamos dar a empresas de Lalín, vámolos dar. E o que non, porque legalmente non se dea. Insístolle. Aquí, vamos licitar ata unha barandilla.

Se vostede cre eso, váiase de aquí, non a facer o paripé a Rodeiro. Váiase, de aquí, ao xulgado.

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT):**D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO (Alcalde – CxG-CCTT):** É que é o que ten que facer, se cre eso.

Vou rematar o pleno, insistindo que, esta tarde, chamareino para abrir conversas a este respecto e agradézolle unha vez máis, publicamente, a todo o Grupo Popular, por certo.

Cando se intenta chantaxear (non digo, o Grupo Popular) a un goberno e que vaise facer a partir de agora o que eu quero, porque me van apoiar os outros, porque lles vai servir para molestar ao goberno, isto vai ser beneficioso para este goberno, politicamente. Pero, si vai ser un problema de xestión, que eu recoñezo e que vai afectar aos cidadáns de Lalín.

Estou convencido que isto, polo menos de momento, si vai afectar ás posibilidades de traballo e emprego en empresas de Lalín. E a situación non está como para andar con frorituras.

Non lles boto a vostedes a culpa. Porque vostedes son a oposición. A culpa ven doutro lado.

E despois. Cada un pasará á historia deste concello como o que era. A min, molestaríame pasar á historia de Lalín como a persoa politicamente máis repudiada en tempo récord. Isto é o que creo que lle pasa ao concelleiro non adscrito.

Sr. concelleiro non adscrito. Dicirlle que a miña responsabilidade é falar tamén con vostede, aínda que isto é unha decisión do goberno, que eu vou respectar. Pero, se fose por min, eu non falaba un segundo con vostede. Quero que o teña claro. Porque non o merece. Agora, se o resto do goberno di témonos que sentar falar tamén con el, eu o respecto.

Este grupo de goberno, aparte de que traballamos coordinadamente, xa somos afortunadamente un grupo de amigos. Tivemos este problema, que asumo eu. E despois, dicir que, coas carencias que imos ter en xestión, imos seguir traballando xuntos, con moito gusto. Este goberno está traballando máis unido ca nunca.

Moitas grazas.

Rematadas as intervencións, sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **REXEITOUSE a proposta.**

E, sendo as **once horas e quince minutos** do mesmo día e no mesmo lugar no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario Accidental e fedatario público, dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Accidental.

Rafael Cuíña Aparicio

Jorge García Fernández